

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 4 DE XUÑO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventor:

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 23/2018 DE DATA 28 DE MAIO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 23/2018 do día 28 de maio de 2018.

2.- EXPEDIENTE 847/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse proceder á devolución da contía depositada en concepto de Taxa pola expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos, en concreto en concepto de certificación urbanística referente a que na parroquia de Cercio non existe ningún inmovible con

licenza de restaurante.

3.- EXPEDIENTE 2795/2018. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO MATERIAL DE CARPINTARÍA PARA OBRA O.E.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 9.732,57 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro de materias de carpintaría, necesarios para os traballos a realizar polo Obradoiro de Emprego “Rivero Social Lalín II” na execución das obras de acondicionamento interior no edificio rúa Manuel Rivero, 5.

4.- EXPEDIENTE 276/2018. CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO REPARACIÓN DA IGREXIA DE VILATUXE.

Acordouse aprobar a conta xustificativa do Convenio de Reparación da Igrexa de Vilatuxe.

5.- EXPEDIENTE 1791/2018. PROPOSTA DEVOLUCIÓN ICIO.

Acordouse a DEVOLUCIÓN LIQUIDACIÓN PROVISIONAL ICIO POR RENUNCIA A DERRIBO DE EDIFICACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE NOVO EDIFICIO EN R/PRINCIPAL Nº22

6.- EXPEDIENTE 2989/2018. RELACION DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00032 por importe de 41.388,84 €.

7.- EXPEDIENTE 351/2018. CERTIFICACIÓN Nº1 E ÚLTIMA DA OBRA “OBRAS URXENTES DE CONSOLIDACIÓN NO EDIFICIO R/MANUEL RIVERO 3 E 5”.

Acordouse aprobar a certificación Nº 1 e última da obra “OBRAS URXENTES DE CONSOLIDACIÓN NO EDIFICIO RÚA MANUEL RIVERO 3 e 5”.

8.- EXPEDIENTE 3866/2017. CERTIFICACIÓNS Nº5 E Nº6 DA OBRA “REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS EN VARIAS ZONAS DO CASCO URBANO, RÚA AREAL, TRASEIRA RÚA AREAL E RÚA DA PONTE, LALÍN.

Acordouse aprobar as certificacións nº 5 e nº 6 da obra “REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS EN VARIAS ZONAS DO CASCO URBANO, RÚA AREAL, TRASEIRA RÚA AREAL E RÚA DA PONTE, LALÍN”.

9.- EXPEDIENTE 2850/2018. SOLICITUDE PERMISO PARA CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN DE CACHARELA.

Acordouse conceder autorización para a celebración do Entroido da Cacharela.

10.- EXPEDIENTE 2900/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA FACER UNHA SARDIÑADA ABERTA A TODOS OS VECIÑOS, ASÍ COMO PERMISO PARA ACTUACIÓN DUN DUO MUSICAL, DÍA 22 DE XUÑO.

Acordouse conceder autorización municipal para o peche dun pequeno tramo na Avda. Buenos Aires dende as isletas ata a Clínica A Rosaleda o día 22 de xuño de 2018, dende as 20:00 horas ata as 24 horas con motivo da celebración do San Xoán.

11.- EXPEDIENTE 2895/2018. SOLICITUDE DE PERMISO PARA O PECHE DE RÚAS PARA REALIZACIÓN ACTIVIDADES LÚDICAS NOITE BRANCA 2018 O 22 DE XUÑO DE 2018.

Quedou pendente para un mellor estudo.

12.- EXPEDIENTE 2901/2018. SOLICITUDE DE PERMISO REALIZACIÓN PROBA 4 X 4 EN MONTE DA PENA O 22 DE XULLO DE 2018.

Acordouse conceder autorización municipal para realizar unha proba de 4 x 4 todoterreno na zona denominada Monte da Pena, próxima á rotonda do centro Comercial o día 22 de xullo de 2018.

13.- EXPEDIENTE 2902/2018. SOLICITUDE PARA A CELEBRACIÓN DUNHA RUTA CIRCULAR POR SENDEIROS DO CONCELLO DE LALÍN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

14.- EXPEDIENTE 3016/2018. SOLICITUDE USO DO SALÓN DE ACTOS DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE LALÍN PARA A PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL.

Acordouse conceder autorización municipal para o uso do Salón de actos da Biblioteca Pública Municipal de Lalín “*Benito Varela Jácome*” para a proxección do documental.

15.- EXPEDIENTE 2899/2018. SOLICITUDE LOCAL ACONDICIONADO COMO CENTRO SOCIAL.

Quedou pendente para un mellor estudo.

16.- EXPEDIENTE 2897/2018. SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O ENCONTRO DE MOZOS E MOZAS EUROPEOS LINDEN SÚDA LINDEN E USO DO ALBERGUE DE MOURISCADE E INSTALACIÓN DUNHA CARPA E UN PEQUENO ESCENARIO NO APARCAMENTO DO ALBERGUE.

Acordouse conceder autorización para o uso do Albergue “Vicente Agulló” entre o 20 e o 31 de xullo de 2018.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2640/2018. PROPOSTA PARA A REALIZACIÓN DA PRIMEIRA EDICIÓN DO FESTIVAL LUSCO & FUSCO.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 17.278,80 € (IVE incluído), con destino ao contrato menor de servizo para á celebración do “Festival Lusco&Fusco”.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1861/2018. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder LICENZA DE OBRA para construción de edificio para oficinas, na parcela A-1 do polígono industrial Lalín 2000-Lalín.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4502/2017. CP4. OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acondicionar unha vivenda existente no lugar Ribas Altas, núm. 3, parroquia de Filgueira-Lalín.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1471/2018. RECLAMACIÓN A TERCEIROS POR DANOS Á PROPIEDAD MUNICIPAL.

Acordouse proceder á devolución da cantidade de 72 € ingresados por danos ocasionados en bens municipais, en concreto nunha sinal de tráfico referentes ó expediente RD 5/2018 (expediente de xestión 1471/2018) por tratarse dun ingreso excesivo e polo tanto dun ingreso indebido.

21.-FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2032/2018. ACORDO DE INICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS AX 5/2017-CA.

Acordouse aproba-la liquidación de costas procesais por importe de 847 €; como ingreso de dereito público referente a tasación de costas procesais que dimana do procedemento ordinario nº 123/2017 en relación ó recurso contencioso administrativo interposto no procedemento aberto

contra a Resolución do Concello de Lalín de 7 de decembro de 2016 pola que se acorda requirir a demandante para que no prazo de tres meses presente licencia ou comunicación correspondente relativa a obras obxecto do expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:12 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.